 RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ANULA UN PROCEDEMENTO DE ANULACIÓN DE MATRÍCULA

 ANTECEDENTES

1 A Universidade de Santiago de Compostela (USC) abriu o día 12 de xaneiro de 2024 un procedemento de anulación de matrícula contra Emilio Valente Ribeira ao non recibir esta institución as taxas de matrícula de tres créditos prácticos dun programa de terceiro ciclo do bienio 2021-22.

2 A USC notificoulle ao interesado a abertura dese procedemento o día 13 de xaneiro de 2024.

3 Emilio Valente Ribeira presentou o día 16 de xaneiro de 2024 un escrito de alegacións no que demostraba estar eximido do pagamento desas taxas como traballador da USC.


 CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A resolución reitoral do 8 de xullo de 2023 exclúe do pagamento das taxas de matrícula a calquera traballador desta universidade, tanto ao persoal fixo como ao contratado.

De acordo con todo o indicado, adopto a seguinte

 RESOLUCIÓN:

Anular o procedemento de anulación de matrícula aberto contra Emilio Valente Ribeira.

 Contra a resolución que aquí se lle notifica, pode interpoñer unha reclamación perante o órgano que instrúe o expediente, no prazo de dez días, contados a partir da data de notificación. Se non o fai, a resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir da data de notificación. Neste caso ten a obriga de comunicarllo previamente ao reitor, de acordo co artigo ---.- da Lei --/-- do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2024

O reitor



Caetano Valverde Baño